Crioulo haitiano

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

O **crioulo haitiano** (***Kreyòl ayisyen***; kɣejɔl ajisjɛ̃), adoito chamado simplemente **Kreyòl**, é unha lingua falada en Haití por arredor de oito millóns de persoas (o 80% da poboación total do país) e, a través da emigración, ten un millón de falantes en Cuba, Bahamas, Canadá, Illas Caimán, república Dominicana, Güiana Francesa, Martinica, Guadalupe, Belize, Puerto Rico e nos Estados Unidos. É a lingua crioula máis falada do mundo.[3]

Crioulo haitiano 'kreyòl'	
Falado en:	Haití
Total de falantes:	9,6-12 millóns (2014)[1][2]
Familia:	Crioulo Francés crioulo **Crioulo haitiano**
Escrita:	Latino (alfabeto haitiano)
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	Haití
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	ht
ISO 639-2:	hat
ISO 639-3:	hat (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=hat)

Índice

Historia e características

O crioulo haitiano é un dos dous idiomas oficiais de Haití, xunto co francés. É unha lingua crioula baseada no francés do século XVIII con moi diversas influencias, sobre de todo linguas africanas (incluíndo algunha influencia do árabe), así como do español e o taíno e, cada vez máis, do inglés.

Debido en parte aos esforzos de Félix Morisseau-Leroy, dende 1961 o crioulo haitiano recoñécese como lingua oficial de Haití, xunto co francés que fora a única lingua literaria do país dende a súa independencia en 1804. O status oficial mantívose na Constitución de 1987. O uso do crioulo na literatura é pequeno pero está a medrar. Morisseau foi un dos primeiros e máis influentes autores en empregar o crioulo. Dende os 80, moitos educadores, escritores e activistas escriben en crioulo. Hoxe, moitos xornais, así como programas de radio e televisión, empregan o crioulo.

Notas

1. Nationalencyklopedin "Världens 100 största språk 2007" The World's 100 Largest Languages in 2007
2. "Haitian Creole to English and English to Haitian Creole Translation Services". Consultado o 17 de agosto de 2014.
3. Albert Valdman, *Creole: the national language of Haiti* (http://www.indiana.edu/~creole/creolenatllangofhaiti.html)

Véxase tamén



Existe unha versión da Wikipedia en ***Crioulo haitiano***

Bibliografía

- Lefebvre, Claire (1985) 'Relexification in creole genesis revisited: the case of Haitian Creole'. In Muysken & Smith (eds.) *Substrate versus Universals in Creole Genesis*. Amsterdam: John Benjamins.
- Spears, Arthur K., and Carole M. Berotte Joseph, eds. *The Haitian Creole Language: History, Structure, Use, and Education* (Lexington Books; 2010) 297 pages. Topics include Creole and English code-switching in New York City, Creole in education in Haiti, and Creole and French in Haitian literature.
- Turnbull, Wally R. (2000). *Creole Made Easy*, Light Messages. ISBN 0-9679937-1-7.